

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

ORDE do 30 de setembro de 2011 pola que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo.

De acordo co establecido no artigo 150.2 da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfere, no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e foi asumida polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, correspondendo á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza as competencias nesta materia, en virtude do Decreto 7/2011, do 20 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da dita consellería.

A Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, ditada en virtude da citada competencia, dispón no seu artigo 16 que os colexios profesionais gozarán de autonomía para a elaboración, aprobación e modificación dos seus estatutos, sen máis límites que os establecidos polo ordenamento xurídico. O artigo 18 da mesma norma establece a obrigatoriedade de comunicarlle á consellería competente en materia de colexios profesionais os estatutos aprobados, así como as súas modificacións.

Dando cumprimento a esta disposición, o Colexio Oficial de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo, acordou en asemblea xeral, que tivo lugar o 2 de xuño de 2011, a aprobación dos seus estatutos, que foron presentados ante esta consellería para os efectos da súa aprobación definitiva, despois da cualificación de legalidade, en cumprimento do establecido no artigo 18 da Lei 11/2001, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

En virtude do anterior, e verificada a adecuación á legalidade dos estatutos presentados, en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1.

Aprobar os estatutos do Colexio Oficial de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo, que figuran como anexo a esta orde.

Artigo 2.

Ordenar a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e a inscrición correspondente no Rexistro de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2011.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

ANEXO

Estatutos do Colexio Oficial de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo**Índice**

TÍTULO PRELIMINAR

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1. Organización corporativa

Artigo 2. Réxime xurídico

Artigo 3. Alcance

Artigo 4. Ámbito territorial

Artigo 5. Relacións coas administracións

Capítulo II. Das funcións e os fins

Artigo 6. Fins

Artigo 7. Funcións

Artigo 8. Idioma

Artigo 9. Portelo único

Artigo 10. Servizo de atención aos consumidores ou usuarios e colexiados

TÍTULO I

Capítulo I. Da colexiación

Artigo 11. Da colexiación

Capítulo II. Da condición de colexiado

Artigo 12. Ingreso

Artigo 13. Réxime das incorporacións colexiais

Artigo 14. Perda da condición de colexiado

Artigo 15. Suspensión de dereitos e perda da condición de colexiado por falta de pagamento

Capítulo III. Dos dereitos e deberes dos colexiados

Artigo 16. Dereitos dos colexiados en relación coa súa actividade profesional

Artigo 17. Deberes dos colexiados no exercicio da súa actividade profesional

Artigo 18. Dereitos corporativos dos colexiados

Artigo 19. Deberes corporativos dos colexiados

Capítulo IV. Da actividade profesional

Artigo 20. Do exercicio da profesión

Artigo 21. Incompatibilidades

Artigo 22. Encargos profesionais

Artigo 23. O visado colexial

Artigo 24. Responsabilidade profesional

Artigo 25. Honorarios profesionais

Artigo 26. Cobramento de honorarios

TÍTULO II. DA ORGANIZACIÓN COLEXIAL

Capítulo I. Dos órganos de goberno dos colexios

Artigo 27. Clases de órganos de goberno

Artigo 28. Xunta Xeral

Artigo 29. Réxime de funcionamento da Xunta Xeral

Artigo 30. Aprobación das actas

Artigo 31. Xunta Xeral ordinaria

Artigo 32. Xunta Xeral extraordinaria

Artigo 33. Convocatorias

Artigo 34. Presidencia das xuntas xerais e o seu desenvolvemento

Artigo 35. Acordos e validación das actas

Artigo 36. Da Xunta de Goberno

Artigo 37. Competencias da Xunta de Goberno

Artigo 38. Composición e características

Artigo 39. Reunións

Artigo 40. Comisión Executiva da Xunta de Goberno

Artigo 41. Competencias do decano

Artigo 42. Competencias do secretario

Artigo 43. O vicedecano

Artigo 44. O secretario e o vicesecretario

Artigo 45. Competencias do tesoureiro

Artigo 46. Competencias do interventor

Artigo 47. Dos vogais da Xunta de Goberno

Artigo 48. Comisións de traballo

Capítulo II. Da elección dos cargos da Xunta de Goberno

Artigo 49. Cargos electivos e dereito de sufraxio activo e pasivo

Artigo 50. Procedemento electoral

Artigo 51. As votacións

Artigo 52. Escrutinio e proclamación de electos

Artigo 53. Vacantes e Xunta Xestora

Artigo 54. Da moción de censura

TÍTULO III. DO RÉXIME XURÍDICO DA ACTIVIDADE E DO PATRIMONIO DOS ENTES COLEXIAIS

Capítulo I. Do réxime xurídico da actividade

Artigo 55. Réxime da actividade dos entes colexiais suxeita ao dereito administrativo

Artigo 56. Silencio administrativo

Artigo 57. Nulidade e anulabilidade dos actos das corporacións colexiais

Artigo 58. Acordos dos órganos colexiais

Artigo 59. Recursos

Artigo 60. Procedemento dos recursos

Artigo 61. Comunicacions co Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais e co Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos Industriais

Artigo 62. Réxime da actividade non suxeita ao dereito administrativo

Capítulo II. Dos recursos económicos

Artigo 63. Recursos económicos ordinarios

Artigo 64. Recursos económicos extraordinarios

Artigo 65. Memoria anual

TÍTULO IV. DO RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 66. Potestade sancionadora

Artigo 67. Competencia

Artigo 68. Procedemento disciplinario

Artigo 69. Recusación e abstención

Artigo 70. Infraccións

Artigo 71. Sancións

Artigo 72. Recursos contra as resolucións sancionadoras

Artigo 73. Prescrición das faltas

Artigo 74. Anotación e cancelación de sancións

Artigo 75. Regulamento de réxime disciplinario e réxime supletorio

TÍTULO V. DA REFORMA DOS ESTATUTOS

Artigo 76. Procedemento para a reforma dos estatutos

TÍTULO VI. DA DISOLUCIÓN DO COLEXIO

Artigo 77. Procedemento para a disolución do Colexio

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

TÍTULO PRELIMINAR

CAPÍTULO I
Disposicións xerais*Artigo 1. Organización corporativa.*

1. Constitúe o obxecto destes estatutos a regulación da organización, competencias e funcionamento do Colexio Oficial de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo.

2. O Colexio Oficial de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo é unha corporación de dereito público, de carácter representativo da profesión, amparado pola lei e recoñecido polo Estado e pola Comunidade Autónoma de Galicia, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Artigo 2. Réxime xurídico.

O Colexio rexerase en diante pola Lei 2/1974, do 13 de febreiro, modificada pola Lei 74/1978, do 26 de decembro; pola Lei 7/1997, do 14 de abril; polo Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño; pola Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG n.º 189, do 28 de setembro) (BOE n.º 253, do 22 de outubro), modificada pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior; así como polo Real decreto 104/2003, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos xerais dos colexios oficiais de peritos e enxeñeiros técnicos industriais e do seu Consello Xeral (BOE n.º 28, do 1 de febreiro), e demais lexislación aplicable, coas peculiaridades para este Colexio que se regulan nos seguintes artigos destes estatutos.

Artigo 3. Alcance.

O Colexio estará integrado polos:

a) Titulados de acordo cos plans de estudos anteriores ao Real decreto 1497/1987, do 27 de novembro, os titulados conforme os reais decretos 1402/1992, 1403/1992, 1404/1992, 1405/1992 e 14061/992, todos eles do 20 de novembro,

b) Titulados universitarios de grao nos campos do ensino técnico propios da enxeñaría industrial, as construcións e instalacións industriais, e

c) Os peritos industriais;

Todos eles deberán estar en posesión do correspondente título con carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, expedido, homologado ou recoñecido polo Estado, e deberán solicitalo e cumprir os demais requisitos exixidos polos presentes estatutos.

Artigo 4. *Ámbito territorial.*

1. Ten o seu domicilio social na cidade de Vigo, na rúa Venezuela, n.º 37-1.^a planta. Poderase cambiar o domicilio social por acordo da Xunta Xeral, sen que iso implique a modificación destes estatutos.

2. O ámbito territorial do Colexio é a provincia de Pontevedra. Poderán crearse, se se xulga oportuno, delegacións noutras localidades da provincia, fixándose as correspondentes demarcacións territoriais destas.

Artigo 5. *Relacións coas administracións.*

1. O colexio profesional, nas cuestións relativas aos aspectos institucionais e corporativos, relacionarase coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a través da consellería competente en materia de colexios profesionais, e nas cuestións referentes ao contido da profesión, a través de consellería ou consellerías competentes respecto diso. Todo iso sen prexuízo da competencia do Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais no campo da representación no ámbito galego da profesión.

2. O Colexio, en todo o que incumbe aos contidos da súa profesión e aos aspectos institucionais e corporativos recollidos nas leis, relacionarase coa Administración xeral do Estado a través do ministerio que teña competencias en materia industrial. Todo iso sen prexuízo da competencia exclusiva do Consello Xeral de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais no campo da representación nacional da profesión.

3. As relacións coa Administración xeral do Estado estableceranse a través do Consello Xeral.

4. O Colexio relacionarase directamente coas administracións autonómicas, provinciais e locais, así como coas universidades.

CAPÍTULO II

Das funcións e os fins

Artigo 6. *Fins.*

1. O Colexio terá os fins propios dos órganos corporativos profesionais, e como finalidade última a tutela do correcto exercicio da profesión como garantía dos dereitos dos cidadáns. En particular:

a) Velará para que se remova calquera obstáculo xurídico ou doutra índole que impida o exercicio polos peritos, enxeñeiros técnicos industriais e titulados de grao da rama industrial das atribucións integradas na súa actividade profesional que legalmente teñen recoñecidas.

b) Igualmente velará por que se recoñeza o carácter privativo da actuación profesional dos peritos, enxeñeiros técnicos industriais e titulados de grao da rama industrial nas atribucións que legalmente teñen recoñecidas, promovendo, se for o caso, as actuacións administrativas ou xudiciais que no seu ámbito territorial correspondan contra a intrusión profesional.

c) Tratará de lograr a constante mellora do nivel de calidade das prestacións profesionais dos colexiados, promovendo a súa formación continua e o seu perfeccionamento permanente.

d) Promoverá o desenvolvemento profesional e a formación continuada do profesorado titulado en enxeñaría técnica industrial ou en grao da rama industrial, e colaborará coas institucións educativas para programar e realizar actividades de formación científica e técnica.

e) Cooperará na mellora dos estudos conducentes á obtención de títulos habilitantes para o exercicio das correspondentes profesións.

f) Colaborará coas administracións públicas no exercicio das súas competencias, nos termos previstos na lexislación vixente.

Artigo 7. *Funcións.*

Son funcións do Colexio:

1) Ordenar e vixiar o exercicio da profesión, velando polo seu prestixio e ordenar no marco da súa competencia a actividade dos colexiados, velando pola ética e dignidade

profesional destes así como conciliando os seus intereses co interese social e os dereitos dos cidadáns.

2) Cumprir e facer cumprir aos colexiados as normas legais que afecten o exercicio profesional en todas as súas modalidades, así como exercer a potestade sancionadora sobre os colexiados na orde orgánica e deontolóxica.

3) Representación e defensa dos dereitos e intereses da profesión ante os tribunais, administracións públicas e toda clase de institucións oficiais ou privadas, así como ante calquera persoa física ou xurídica, con lexitimación suficiente para ser parte de cantos procedementos e litixios afecten a profesión, así como para exercer o dereito de petición conforme a lei. Velará para que se remova calquera obstáculo xurídico ou doutra índole que impida o exercicio polos peritos, enxeñeiros técnicos industriais e titulados de grao da rama industrial das atribucións integradas na súa actividade profesional que legalmente teñen recoñecidas.

4) Perseguir ante os tribunais ou ante as administracións públicas os casos de intrusión en que se pretenda indebidamente exercer a profesión, o uso do título ou das atribucións profesionais do perito industrial, do enxeñeiro técnico industrial e dos titulados universitarios de grao nos campos do ensino técnico propios da enxeñaría industrial, as construcións e as instalacións industriais, así como adoptar as medidas necesarias para evitar a competencia desleal.

5) Recoller e canalizar as aspiracións da profesión, elevando aos organismos oficiais competentes cantas suxestións garden relación coa prestación dos servizos propios daquela, procurando a adecuación da actividade profesional ás exixencias da sociedade.

6) Informar e asesorar os colexiados sobre o ordenamento xurídico relativo ao exercicio da profesión.

7) Organizar congresos, xornadas, reunións e outros actos de carácter científico ou técnico relacionados coa profesión, así como cursos para a formación e o perfeccionamento profesional dos colexiados.

8) Organizar e promover actividades e servizos comúns de carácter cultural, recreativo ou calquera outro de interese para os colexiados.

9) Manter un servizo de información para dar resposta ás demandas de traballo.

10) Fomentar entre os colexiados os servizos de previsión, mutualidade e cooperativismo.

11) Efectuar o visado dos proxectos, informes, ditames, valoracións, peritacións e demais traballos subscritos polos colexiados, cando así o soliciten por pedimento expreso dos seus clientes ou o impoñan as leis.

12) Efectuar o rexistro documental daqueles traballos ou documentos técnicos subscritos polos colexiados, cando estes o soliciten.

13) Encargarse do cobramento das remuneracións e honorarios devengados no exercicio libre da profesión cando o colexiado o solicite, nos termos previstos nestes estatutos.

14) Resolver por laudo arbitral, por instancia das partes interesadas, as discrepancias xurdidas no cumprimento das obrigas dimanantes dos traballos realizados polos colexiados no exercicio da profesión.

15) Intervir, en vía de conciliación ou arbitraje, nas cuestións que por motivos profesionais se susciten entre os colexiados e, en xeral, procurar a harmonía e colaboración entre estes.

16) Realizar cantas funcións redunden en beneficio da protección dos intereses dos consumidores e usuarios polos servizos prestados polos seus colexiados.

17) Emitir informe nos procedementos administrativos ou xudiciais en que se discutan cuestións relacionadas cos honorarios profesionais.

18) Mediar e velar pola ordenación e retribución dos colexiados que exerzan a súa profesión por conta allea, mantendo relación coas distintas organizacións de índole laboral.

19) Facilitar aos tribunais, conforme as leis, a relación de colexiados que puidesen ser requiridos para intervir como peritos nos asuntos xudiciais ou desígnalos directamente, segundo proceda.

20) Relacionarse e coordinarse con outros colexios profesionais e asociacións, así como co Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais.

21) Exercer cantas funcións lle sexan encomendadas ou delegadas polas administracións públicas.

22) Participar nos consellos, xuntas, comités ou calquera outro tipo de órgano consultivo ou representativo da Administración de Galicia cando esta o requira ou así se estableza na normativa vixente.

23) Asesorar as administracións públicas e colaborar con elas na realización de estudos e informes, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas coa enxeñaría industrial que lle poidan ser solicitadas ou que se acorde formular por propia iniciativa.

24) Asesorar entidades de calquera natureza e particulares en materias da competencia do Colexio, e emitir os informes que se lle requiran.

25) Emitir informe sobre aqueles proxectos de normas que elabore a Comunidade Autónoma de Galicia, e do Estado se procedese, que afecten os profesionais que agrupen ou se refiran aos fins ou funcións a eles encomendados.

26) Informar as autoridades competentes dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos na Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

27) Participar na elaboración dos plans de estudo de grao de enxeñaría da rama industrial e nos consellos sociais das universidades.

28) Calquera outra actuación que redunde en beneficio dos intereses do Colexio, dos colexiados ou da enxeñaría técnica industrial.

Artigo 8. *Idioma.*

1. O galego e o castelán son as linguas propias do Colexio Oficial de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo.

2. Publicaranse en galego e castelán os presentes estatutos, as súas modificacións e aquelas disposicións regulamentarias de carácter xeral que rexan a vida corporativa.

3. O logotipo do Colexio editarase sempre en galego, acorde coa inscrición ante a Xunta de Galicia.

Artigo 9. *Portelo único.*

1. O Colexio disporá dunha páxina web e colaborará coas administracións públicas no necesario para que, a través do portelo único establecido na Lei sobre o libre acceso ás

actividades de servizos e o seu exercicio, os Colexiados poidan realizar todos os trámites necesarios para a Colexión e para darse de baixa nun Colexio, a través dun único punto, por vía electrónica e a distancia. Procurará que a través deste portelo único poidan:

– Obter toda a información e formularios necesarios para o acceso e exercicio da súa actividade profesional.

– Presentar toda a documentación e solicitudes necesarias.

– Coñecer o estado de tramitación dos procedementos en que teñan a condición de interesado e recibir a correspondente notificación dos actos de trámite preceptivos e a resolución destes do Colexio, incluída a notificación dos expedientes disciplinarios cando non for posible por outros medios.

– Convocar os Colexiados e Colexiadas ás xuntas xerais ordinarias e extraordinarias e pór no seu coñecemento a actividade pública e privada do Colexio profesional.

2. A través do referido portelo único ofrecerase a información seguinte:

– Os medios e condicións de acceso aos rexistros públicos de profesionais Colexiados.

– As vías de reclamación e os recursos que se poderán interpor en caso de conflito entre un Colexiado e un destinatario do servizo profesional.

– O acceso ao rexistro de Colexiados e Colexiadas, que estará permanentemente actualizado e no cal constarán, polo menos, os datos seguintes: o nome e apelidos dos profesionais Colexiados, o número de Colexión, os títulos académicos oficiais, o enderezo profesional e a situación de habilitación profesional.

Artigo 10. Servizo de atención aos consumidores ou usuarios e Colexiados.

1. O Colexio disporá dun servizo de atención aos consumidores ou usuarios e Colexiados que necesariamente tramitará e resolverá cantas queixas referidas á actividade Colexial ou dos Colexiados sexan presentadas por calquera usuario ou profesional Colexiado, así como por organizacións de consumidores e usuarios na súa representación ou en defensa de intereses colectivos.

2. O servizo de atención aos consumidores ou usuarios e Colexiados poderá resolver sobre a solicitude iniciando a vía da arbitrase de consumo, abrindo un procedemento

informativo, arquivando ou adoptando calquera outra decisión que, se é o caso, corresponda.

3. A regulación deste servizo deberá recoller a presentación de queixas e reclamacións por vía telemática.

TÍTULO I

CAPÍTULO I

Da colexiación

Artigo 11. *Da colexiación.*

1. Son membros da organización colexial todos os colexiados. Para o exercicio da profesión, tanto libre como por conta allea ou en calquera outra forma, será obrigatorio estar incorporado ao Colexio. Quedan exceptuados de tal requisito de incorporación os peritos, os enxeñeiros técnicos industriais e os graduados da rama industrial sometidos a réxime funcional e de carácter laboral que desenvolvan as súas actividades exclusivamente no seo das administracións públicas.

2. Todos os peritos, enxeñeiros técnicos industriais e titulados de grao da rama industrial que teñan o seu domicilio profesional único ou principal na provincia de Pontevedra deberán estar colexiados no Colexio de Vigo.

3. Non se poderá limitar o número de colexiados inscritos no Colexio, nin tampouco pechar temporal ou definitivamente a admisión de novos colexiados.

4. A incorporación ao Colexio Oficial de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo habilita para o exercicio da profesión en todo o territorio do Estado.

Non se pode exixir aos colexiados doutro colexio oficial de enxeñeiros técnicos industriais cuxo domicilio profesional único ou principal non radique no ámbito territorial do Colexio de Vigo, ningunha habilitación nin pagamento de contraprestacións económicas distintas daquelas que se exixan habitualmente aos seus colexiados pola prestación dos servizos de que sexan beneficiarios e non estean cubertos pola cota colexial. No entanto, deberá xustificar o súa colexiación noutro colexio, así como deberá xustificar que o seu domicilio profesional único ou principal non se sitúa na provincia de Pontevedra.

CAPÍTULO II

Da condición de colexiado

Artigo 12. *Ingreso.*

1. Para ingresar no Colexio son necesarios os seguintes requisitos:

a) Obter o correspondente título oficial, expedido, homologado ou recoñecido polo Estado.

b) Non estar suxeito a incapacidade legal que lle impida a colexiación nin estar suxeito a pena de inhabilitación para o exercicio profesional por sentenza firme, nin encontrarse impedido para tal exercicio por unha anterior sanción disciplinaria firme.

c) Ter a nacionalidade española ou a dalgún dos Estados membros da Unión Europea, sen prexuízo do disposto nos tratados internacionais ratificados polo Estado español ou os acordos de reciprocidade.

d) Cubrir a documentación para o efecto e satisfacer a cota de ingreso establecida, que non superará os custos asociados á tramitación da inscrición.

2. Poderán ser nomeados colexiados de honra aquelas persoas naturais ou xurídicas, nacionais ou estranxeiras que, teñan ou non titulación académica, reúnan méritos ou presen servizos relevantes a favor do Colexio ou da profesión en xeral. Estes nomeamentos só terán efectos honoríficos.

Artigo 13. *Réxime das incorporacións colexiais.*

1. A incorporación ao Colexio ten carácter regulado e non se poderá denegar a aqueles que reúnan os requisitos fixados no artigo anterior, salvo o disposto neste precepto.

2. A Xunta de Goberno do Colexio resolverá, logo dos informes oportunos, as solicitudes de colexiación, no prazo de dous meses, mediante acordo motivado, contra o cal caberán os recursos establecidos nestes estatutos. A colexiación entenderase producida, respecto das solicitudes deducidas na debida forma, unha vez transcorrido o prazo de dous meses sen que houberse resolución expresa.

3. A colexiación suspenderase e con ela os dereitos inherentes á condición de colexiado, por acordo expreso e motivado por mor de:

a) A inhabilitación ou incapacitación para o exercicio profesional decretada por resolución xudicial firme.

b) A suspensión no exercicio profesional imposta por sanción disciplinaria colexial devída firme.

c) O incumprimento estatutario que dea lugar a sanción disciplinaria colexial devída firme.

A situación de suspensión manterase mentres subsista a causa que a determina.

Artigo 14. *Perda da condición de colexiado.*

1. Serán causas da perda da condición de colexiado:

a) O falecemento.

b) A baixa voluntaria, que só se admitirá logo de manifestación do cesamento da actividade profesional, e terá efectos desde a súa solicitude, aínda que non eximirá do pagamento das cotas e outras débedas vencidas.

c) A condena por sentenza firme que leve aparelada a pena principal ou accesoria de inhabilitación para o exercicio da profesión. O colexiado virá obrigado a comunicar ao Colexio a sentenza condenatoria dentro dos dez días seguintes a que se lle notifique, sen prexuízo de absterse de toda actividade profesional desde que produza efectos a sentenza condenatoria.

d) A medida disciplinaria en tal sentido, acordada por resolución firme do Colexio ou do Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais. A sanción de expulsión disciplinaria producirá efectos desde que sexa firme e o Colexio notificarao ao Consello Galego e ao Consello Xeral de Colexios de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais, que o comunicará aos demais colexios.

Artigo 15. *Suspensión de dereitos e perda da condición de colexiado por falta de pagamento.*

1. A falta inxustificada do pagamento das débedas contraídas co Colexio por importe mínimo dun trimestre, tras o pertinente requirimento do seu aboamento, non producirá a perda da condición de colexiado pero si producirá a suspensión temporal de todos os dereitos corporativos. Se o descuberto alcanza as cotas correspondentes a unha anualidade como mínimo, non se procederá ao visado dos traballos do colexiado mentres non aboe todas as cotas pendentes máis os seus xuros legais, todo iso sen prexuízo do disposto no

título IV destes estatutos e do alzamento da suspensión dos dereitos axiña que o Colexiado se poña ao día nos seus pagamentos.

2. Transcorrido un ano en situación de suspensión temporal de todos os dereitos corporativos, e tras dous requirimentos de pagamento non atendidos no prazo outorgado neles cun intervalo mínimo de dous meses entre eles, producirase a perda da condición de Colexiado.

CAPÍTULO III

Dos dereitos e deberes dos Colexiados

Artigo 16. *Dereitos dos Colexiados en relación coa súa actividade profesional.*

1. Os Colexiados teñen dereito ás consideracións debidas á súa profesión recoñecidas pola lexislación e as normas estatutarias.

2. Os Colexiados teñen dereito ao libre exercicio da súa profesión sen que a Administración nin terceiros limiten as atribucións profesionais que teñan recoñecidas nas leis.

3. Os Colexiados teñen dereito ao cobramento de honorarios profesionais polos servizos prestados aos seus clientes nos termos previstos nestes estatutos e demais disposicións vixentes.

Artigo 17. *Deberes dos Colexiados no exercicio da súa actividade profesional.*

Serán deberes dos Colexiados:

a) Cumprir coas prescricións legais que sexan de obrigada observancia nos traballos profesionais que realicen.

b) Someter a visado do Colexio correspondente a documentación técnica ou facultativa, proxectos, informes ou calquera outro traballo que subscriba no exercicio da súa profesión, cuxo visado sexa exixido polas disposicións legais en vigor ou sexa solicitado polo cliente, calquera que sexa o cliente ou destinatario daqueles.

Artigo 18. *Dereitos corporativos dos colexiados.*

Ademais dos dereitos sinalados no artigo anterior en relación coa súa actividade profesional, corresponden aos colexiados os seguintes dereitos corporativos:

a) De sufraxio activo e pasivo en relación con todos os cargos electivos do Colexio, do Consello Galego e do Consello Xeral, nos termos previstos no artigo 49 e sen prexuízo do establecido nos estatutos dos ditos consellos.

b) A participar na vida colexial, segundo os termos fixados nestes estatutos.

c) A dirixir suxestións e peticións por escrito aos órganos de goberno do Colexio, do Consello Galego e do Consello Xeral.

d) A solicitar o amparo do Colexio cando consideren lesionados ou menoscabados os seus dereitos e intereses profesionais ou corporativos ou non se respecte a consideración e o trato que lles está recoñecido.

e) A participar no uso e disfrute dos bens do Colexio e dos servizos que este teña establecidos, na forma regulamentariamente prevista.

f) A levar as insignias e distintivos propios da profesión.

g) A coñecer a contabilidade colexial na forma que determine o Colexio, pero sen que en ningún caso se poida privar de real efectividade este dereito.

h) A dispor dunha guía profesional co enderezo das oficinas e despachos dos colexiados correspondentes e con suxeición ao previsto na lexislación sobre protección de datos persoais.

Artigo 19. *Deberes corporativos dos colexiados.*

a) Cumprir as prescricións legais en materia de previsión social.

b) Cumprir as resolucións dos órganos de goberno do Colexio, do Consello Galego e do Consello Xeral.

c) Desempeñar os labores que lle encomenden os órganos de goberno do Colexio.

d) Pagar as cotas e dereitos que sexan aprobados polo Colexio para o seu sostemento e para fins de previsión e mutuo auxilio.

e) Facer respectar o exercicio profesional e o das institucións colexiais.

f) Gardar o segredo profesional.

g) Gardar respecto aos membros dos órganos de goberno da corporación e aos demais compañeiros.

CAPÍTULO IV Da actividade profesional

Artigo 20. *Do exercicio da profesión.*

O exercicio da profesión realizarase en réxime de libre competencia e estará suxeito, en canto á oferta de servizos e fixación da súa remuneración, á Lei de defensa da competencia e á Lei sobre competencia desleal.

Artigo 21. *Incompatibilidades.*

1. O exercicio da profesión é incompatible con calquera situación prevista como tal pola lei.

2. O profesional en quen concorra algunha causa de incompatibilidade deberá comunicalo inmediatamente á Xunta de Goberno do Colexio e cesar no exercicio da profesión.

Artigo 22. *Encargos profesionais.*

1. Salvo que outra cousa resulte dos termos do encargo profesional, o cliente pode resolver o encargo feito a un colexiado e facerllo a outro do mesmo ou doutro colexio, sen prexuízo do pagamento dos honorarios devengados ata a data polo anterior colexiado.

2. O novo encargo terá efectos desde a súa data, e o novo colexiado queda así habilitado para realizar os traballos que se lle encarguen.

3. O disposto nos números anteriores enténdese sen prexuízo das accións xudiciais que asistan o colexiado, primeiro titular do encargo, e do exercicio daquelas, se for o caso, polo propio Colexio.

Artigo 23. O visado colexial.

1. O visado é unha función pública descentralizada que por atribución da lei exercen os colexios en relación con proxectos e demais traballos profesionais dos colexiados, en garantía dos intereses dos clientes e do interese público xeral.

O Colexio terá á disposición dos consumidores e usuarios un servizo de visado dos traballos realizados polos seus colexiados.

2. O visado garante:

a) A condición de colexiado de quen subscribe os traballos e, xa que logo, a súa capacidade para actuar profesionalmente.

b) A corrección e integridade formal da documentación do traballo profesional, o cumprimento das normas sobre especificacións técnicas, así como a observancia do resto da normativa aplicable ao traballo de que se trate.

3. O visado non comporta a fixación dos honorarios nin das demais condicións contractuais do profesional co seu cliente, cuxa determinación se deixa ao libre acordo das partes.

4. Para ter a condición de colexiado usuario do servizo de visados, deberá cumprirse a normativa colexial para o efecto.

5. O Colexio poderá establecer visados de acreditación en que se garantan aspectos técnicos dos traballos, salvaguardando a liberdade de proxectar dos colexiados.

6. O visado dos traballos profesionais será realizado polo Colexio, nos casos e circunstancias en que este sexa competente de acordo coas disposicións lexislativas en vigor.

Artigo 24. Responsabilidade profesional.

O colexiado responde directamente polos traballos profesionais que subscribe e o Colexio farao subsidiariamente naqueles casos así establecidos pola lexislación en vigor.

Artigo 25. Honorarios profesionais.

Os honorarios son libres e os colexiados poderán pactar o seu importe e as condicións de pagamento co seu cliente, aínda que deberán observar as prohibicións legais relativas á competencia desleal.

Artigo 26. Cobramento de honorarios.

O Colexio, por acordo da Xunta de Goberno, poderá establecer o servizo de cobramento dos honorarios profesionais dos colexiados, devengados no exercicio libre da profesión. Este servizo, unha vez establecido, levarase a cabo sempre e cando o colexiado o solicite libremente en cada un dos casos.

TÍTULO II
Da organización colexial

CAPÍTULO I
Dos órganos de goberno dos colexios

Artigo 27. Clases de órganos de goberno.

1. Son órganos esenciais do Colexio a Xunta Xeral, a Xunta de Goberno e o decano. Dependendo destes e formando parte da Xunta de Goberno, existirán polo menos os seguintes postos: vicedecano, secretario, vicesecretario, tesoureiro, interventor e polo menos cinco vogais.

2. A Xunta de Goberno do Colexio poderá crear ou autorizar a creación dunha comisión executiva da Xunta de Goberno para que, coa delegación previa desta, atenda ou resolva os asuntos urxentes que se lle encomenden.

3. A Xunta de Goberno tamén poderá crear outros órganos unipersoais ou colexiados de mera xestión das actividades ou servizos comúns que ofrezca o Colexio, ou de preparación e estudo de asuntos que deben resolver outros órganos de goberno.

Artigo 28. Xunta Xeral.

1. A Xunta Xeral é o órgano superior de expresión da vontade do Colexio en que están representados todos os colexiados. Os seus acordos, adoptados de conformidade cos presentes estatutos, serán de obrigado cumprimento para todos os colexiados.

2. Corresponde á Xunta Xeral:

a) A aprobación dos estatutos do Colexio e das súas modificacións posteriores.

b) A aprobación do orzamento, das contas anuais, da cota colexial periódica e a da incorporación ao Colexio. O importe da cota de incorporación do Colexio non poderá ser restritivo do dereito á colexiación.

c) A aprobación da xestión da Xunta de Goberno e do decano.

d) O establecemento ou supresión, se for o caso, dos servizos corporativos necesarios para o cumprimento dos seus fins.

e) A aprobación das normas deontolóxicas colexiais.

Artigo 29. *Réxime de funcionamento da Xunta Xeral.*

1. A Xunta Xeral poderá realizar sesións ordinarias e extraordinarias.

2. O Colexio celebrará todos os anos no primeiro trimestre unha xunta xeral ordinaria.

3. A convocatoria de toda xunta xeral ordinaria cursarase a todos os colexiados cun mes, polo menos, de antelación á data de celebración da sesión. Coa convocatoria enviarase a orde do día e informarase sobre cando e onde se pode consultar a súa documentación.

Os acordos da Xunta Xeral adoptaranse por maioría simple de asistentes, salvo que legal ou estatutariamente se exixa unha maioría reforzada.

4. A Xunta Xeral celebrará sesión extraordinaria logo da convocatoria decidida polo decano, por acordo da Xunta de Goberno, ou por pedimento dun número de colexiados superior ao 15 por cento; a convocatoria expresará os asuntos concretos que se deban tratar nela. A Xunta deberá ter lugar no prazo máximo dun mes contado desde o acordo do decano ou da Xunta de Goberno, nos dous primeiros casos, ou desde a presentación da solicitude no terceiro.

5. Terán lugar habitualmente na sede colexial. A Xunta de Goberno poderá acordar realizalas noutro local dentro do termo municipal de Vigo, cando as circunstancias así o aconsellen.

6. Para a válida constitución das xuntas xerais será necesaria a asistencia en primeira convocatoria da maioría absoluta dos colexiados. En segunda convocatoria, que terá lugar media hora máis tarde, será suficiente a asistencia do decano e do secretario ou de quen regulamentariamente os substitúa, sexa cal for o número de colexiados asistentes.

7. Non será admitida a delegación de voto.

Artigo 30. *Aprobación das actas.*

Os acordos da Xunta Xeral serán executivos independentemente de cando se produza a aprobación da acta.

Artigo 31. *Xunta Xeral ordinaria.*

A Xunta Xeral ordinaria ten competencia nas seguintes materias:

- a) Análise da xestión da Xunta de Goberno.
- b) Aprobación, se procede, da renovación de cargos directivos e da provisión de cargos vacantes da Xunta de Goberno.
- c) Exame e aprobación, se procede, da liquidación de ingresos e gastos do ano anterior, así como do balance patrimonial con aprobación das contas, se procede, dándolles aos colexiados unha información xeral sobre a marcha do Colexio en todos os aspectos.
- d) Exame e aprobación, se procede, do orzamento do Colexio para o exercicio. Se corresponde, fixación ou modificación das cotas colexiais ordinarias e das taxas e dereitos económicos.
- e) Designación dos colexiados censores de contas. Se procede, acordo expreso de auditoría de contas externa.
- f) Designación dos interventores da acta.
- g) Designación, se corresponde, dos membros permanentes da Comisión Deontolóxica. Modificación do número de vogais da Xunta de Goberno.
- h) A deliberación e aprobación, se procede, doutros temas relativos aos servizos ou actividade corporativa, presentados pola Xunta de Goberno, os cales non sexan competencia específica dunha xunta xeral extraordinaria.
- i) Exame e aprobación, se procede, das propostas que presenten os colexiados, avaladas por un mínimo de quince sinaturas. Durante os meses de xaneiro e febreiro poderán presentarse estas propostas para incluílas na orde do día da Xunta Xeral ordinaria. Calquera colexiado poderá presentar propostas a título individual, e a súa inclusión quedará a criterio da Xunta de Goberno.

Artigo 32. *Xunta Xeral extraordinaria.*

1. Deberase convocar Xunta Xeral extraordinaria para:

a) Aprobar ou modificar os estatutos do Colexio.

b) Variar o domicilio social.

c) Aprobar a segregación, integración ou disolución do Colexio.

d) Aprobar ou modificar as normas deontolóxicas da profesión, o regulamento de réxime disciplinario, o de distincións honoríficas ou o de eleccións, así como calquera outro que afecte o exercicio profesional dos colexiados.

e) Aprobar a adquisición, permuta, alleamento ou gravame do patrimonio inmobiliario do Colexio.

f) Aprobar os orzamentos extraordinarios e, se corresponde, establecer cotas e derramas de carácter extraordinario.

g) Censurar a Xunta de Goberno ou algún dos seus membros.

h) Remover os órganos de goberno por medio da moción de censura.

i) Deliberar e resolver sobre calquera outro tema, por pedimento dun grupo de colexiados. Na solicitude deberán especificarse os motivos que xustifican a convocatoria, o tema concreto que se vai tratar e as propostas de acordo que os solicitantes consideren.

j) Nos demais casos que se deduzan do marco legal de aplicación.

2. As sesións serán monográficas, aínda que a orde do día se poida desagregar en varios puntos.

Artigo 33. *Convocatorias.*

1. A Xunta Xeral ordinaria será convocada polo decano e terá lugar polo menos unha vez ao ano, obrigatoriamente no primeiro trimestre para a aprobación das contas anuais e do orzamento para o exercicio en curso, e daráselles aos colexiados unha información xeral sobre a marcha do Colexio.

2. As xuntas xerais extraordinarias serán convocadas polo decano por iniciativa propia, por acordo da Xunta de Goberno ou por pedimento dun número de colexiados superior ao 15 por cento. Cando a houber, a reunión celebrarase nun prazo máximo dun mes desde a data da solicitude.

3. A convocatoria, que incluírá a orde do día da reunión, realizarase cunha antelación mínima de doce días, exporase no taboleiro de anuncios do Colexio e remitirase, ademais, a todos os colexiados.

4. Desde o envío da notificación ata a celebración da xunta haberá na Secretaría do Colexio, á disposición dos colexiados que o soliciten, copias da documentación dos asuntos que se van tratar. A Xunta de Goberno poderá acordar o envío desta documentación coa convocatoria, ou ben a súa posta á disposición dos colexiados na páxina web colexial, de cuxa localización serán informados adecuadamente.

Artigo 34. *Presidencia das xuntas xerais e o seu desenvolvemento.*

1. As xuntas xerais serán presididas polo decano, e actuará de secretario o que o sexa do Colexio. Un e outro poderán ser substituídos polos cargos electos que regulamentariamente os suplan.

2. No desenvolvemento de cada un dos puntos da orde do día, o decano exercerá as funcións de moderador, establecendo a duración máxima das intervencións daqueles colexiados aos cales conceda o uso da palabra por telo solicitado, decidindo cando un asunto se deba dar por discutido suficientemente e someténdoo, se é o caso, a votación.

3. O decano chamará á orde os colexiados que se excedan nas súas exposicións, ou nas cuestións obxecto de debate, ou que falten ao respecto a outro colexiado ou á propia Xunta Xeral, e retirará a palabra ou expulsará a aquel que, chamado tres veces á orde, desatenda os seus requirimentos.

4. A votación poderá ser nominal ou a man alzada. A votación nominal deberá ser sempre secreta e será utilizada obrigatoriamente cando se debatan temas de índole persoal ou, a criterio do decano, cando así o soliciten algúns dos asistentes.

5. A cada asistente correspóndelle un voto; os acordos tomaranse por maioría simple, excepto naqueles casos en que poida ser exixible unha maioría cualificada dentro do marco legal de aplicación. Poderán formularse votos particulares, cuxo texto deberá figurar transcrito literalmente, se para tal fin se presentan por escrito.

6. Soamente se poderán tomar acordos sobre os puntos e contidos que sexan fixados na orde do día.

Artigo 35. Acordos e validación das actas.

1. Nas xuntas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, nomearanse entre os colexiados asistentes dous interventores da acta e un suplente destes. A súa designación deberá figurar como un punto da orde do día.

2. O secretario redactará o correspondente borrador da acta das xuntas xerais.

3. Este borrador, unha vez presentado á Xunta de Goberno, remitirase a todos os colexiados asistentes á reunión a que se refire a acta, para que estes fagan no prazo de dez días as observacións que xulguen oportunas.

4. Pasado o dito prazo, o decano convocará o secretario e os interventores a unha reunión co obxecto de analizar as observacións. Nesta reunión aprobarase a acta coas sinaturas do secretario e dos interventores da acta, e co visto e prace do presidente. A sinatura por parte dos interventores non presupón a aceptación íntegra da acta, e poderán agregar a esta o seu voto particular.

5. Seguidamente, remitirase copia da acta aprobada a todos os colexiados.

Artigo 36. Da Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno é o órgano representativo e executivo ao cal lle corresponde o goberno do Colexio e estará composta polo decano, vicedecano, secretario, vicesecretario, tesoureiro, interventor e polo menos cinco vogais. O número de vogais poderá ser ampliado por proposta da Xunta de Goberno, incorporando as persoas que esta designe; tanto a creación como o nomeamento deberán ser ratificados en xunta xeral ordinaria. O funcionamento e competencias da Xunta de Goberno virán regulados polos presentes estatutos do Colexio sen prexuízo de que a propia Xunta se dote dun regulamento de funcionamento.

A Xunta de Goberno reunirse en sesión ordinaria unha vez cada mes, sen que se celebren reunións en agosto ou por causas xustificadas, e cantas veces a convoque o decano, ou por solicitude da terceira parte dos seus membros. As súas reunións entenderanse validamente constituídas cando asistan polo menos cinco dos seus membros, entre eles o decano ou quen estatutariamente o substitúa. Os seus acordos adoptaranse por maioría simple dos votos expresados. A Xunta de Goberno poderá dotarse dun regulamento interno

de funcionamento, que se comunicará para coñecemento á primeira xunta xeral extraordinaria que se celebre tras a súa aprobación.

Artigo 37. Competencias da Xunta de Goberno.

Corresponde á Xunta de Goberno a dirección e administración do Colexio, para o cumprimento dos seus fins, en todo aquilo que de xeito expreso non compete á Xunta Xeral.

De modo especial corresponde á Xunta de Goberno:

- a) Velar polo cumprimento dos fins da organización colexial no seu ámbito territorial.
- b) Aprobar os informes, estudos, ditames, laudos e arbitrxes encomendados ao Colexio.
- c) A formación do orzamento e a rendición das contas anuais.
- d) Propor á Xunta Xeral as cotas que deben aboar os colexiados.
- e) Dirixir a xestión económica do Colexio e propor á Xunta Xeral os investimentos ou actos de disposición dos bens patrimoniais do Colexio.
- f) A admisión e baixa dos colexiados, cos requisitos e mediante a tramitación establecida nos artigos 12, 13, 14 e 15 dos estatutos.
- g) Convocar e fixar a orde do día das xuntas xerais e a execución dos seus acordos, sen prexuízo das facultades do decano de decidir por si mesmo a convocatoria de calquera clase de xunta xeral coa orde do día que aquel decida.
- h) Mediar na resolución dos problemas que poidan xurdir entre os colexiados.
- i) Exercer a potestade disciplinaria.
- j) Convocar eleccións para prover os cargos da Xunta de Goberno.
- k) Elaborar e aprobar os regulamentos de réxime interior cando así se crea conveniente.
- l) Acordar o exercicio de toda clase de accións e recursos, ordinarios e extraordinarios, administrativos e xurisdiccionais ante calquera organismo administrativo, xulgado ou tribunal, ou ante o Tribunal Constitucional.

m) As demais funcións que lle encomenden directamente as leis, estes estatutos, os estatutos do Consello Galego e do Consello Xeral.

n) As funcións que sexan competencia do Colexio e non estean expresamente atribuídas a outros órganos colexiais.

Artigo 38. *Composición e características.*

1. A Xunta de Goberno estará composta por un decano, un vicedecano, un secretario, un vicesecretario, un tesoureiro, un interventor e cinco vogais. Por acordo adoptado nunha xunta xeral poderá variarse o número de vogais, sen que iso precise a modificación destes estatutos. Cando se cren delegacións do Colexio en localidades diferentes da súa capitalidade, os presidentes das ditas delegacións pasarán a integrarse como vogais natos da Xunta de Goberno.

2. Os membros da Xunta de Goberno serán elixidos entre os colexiados por sufraxio universal, libre, directo e secreto, de acordo co previsto no capítulo segundo deste mesmo título.

3. Todos os membros terán voz e voto nas súas deliberacións.

4. Ningún membro da Xunta de Goberno poderá tomar decisións persoais alleas ás súas competencias ou delegacións, en tal caso responderán das consecuencias da súa decisión.

5. Os seus membros non percibirán ningunha retribución polo desempeño dos seus cargos, excepto as axudas de custo e o reembolso dos gastos de viaxe efectuados con motivo de reunións e labores concretos do seu cargo.

6. Ningún membro da Xunta de Goberno poderá ter vínculos laborais ou relacións comerciais co Colexio.

Artigo 39. *Reunións.*

1. A Xunta de Goberno reunirse en sesión ordinaria unha vez cada mes, e non se celebrarán reunións en agosto ou por causas xustificadas. En sesión extraordinaria reunirse tantas veces como sexa convocada, por iniciativa do decano ou por pedimento de tres membros dela. Neste último caso deberá realizarse dentro dos doce días seguintes ao da solicitude.

2. As convocatorias realizaranse cunha antelación mínima de cinco días, excepto as extraordinarias de carácter urxente, as cales poderán ser convocadas cunha antelación de corenta e oito horas.

3. As reunións celebraranse con carácter habitual na sede colexial, preferentemente en horario de tarde.

4. Os acordos tomaranse por maioría de votos dos asistentes, sendo de calidade o voto do decano.

5. A asistencia ás reunións da Xunta de Goberno é obrigatoria. Considerarase como falta grave a ausencia non xustificada dalgún membro a tres sesións no período dun ano, e en tal caso abrírase o oportuno expediente sancionador.

Artigo 40. *Comisión Executiva da Xunta de Goberno.*

1. Os asuntos que precisen unha urxente solución resolveraos a Comisión Executiva da Xunta de Goberno para que, logo de delegación desta, atenda ou resolva os asuntos urxentes que se lle encomenden, que estará composta polo decano ou o vicedecano, o secretario ou o vicesecretario, o tesoureiro e o interventor, así como por un vogal relacionado corporativamente co asunto que se vai tratar.

2. Será convocada polo decano, cunha antelación mínima de 24 horas.

3. Os seus acordos serán válidos e executables cando o número de asistentes sexa polo menos de tres, e presentaranse estes acordos para a súa ratificación á primeira reunión da Xunta de Goberno que teña lugar.

Artigo 41. *Competencias do decano.*

1. Quen desempeñe o cargo de decano deberá encontrarse no exercicio da profesión en calquera das súas formas.

Son competencias do decano:

1) Exercer a representación legal do Colexio ante todas as entidades, tanto públicas como privadas, incluso ante os tribunais de xustiza.

2) Outorgar poderes a terceiras persoas sempre que non impliquen delegación de competencias, así como os xerais para preitos en favor de avogados e procuradores.

- 3) Dar posesión dos seus cargos aos membros electos da Xunta de Goberno.
- 4) Exixir o cumprimento dos seus labores aos membros da Xunta de Goberno.
- 5) Delegar o desempeño de actuacións concretas noutros membros da Xunta de Goberno.
- 6) Convocar e fixar a orde do día das reunións da Xunta de Goberno e das xuntas xerais.
- 7) Presidir as sesións das xuntas xerais, da Xunta de Goberno e de todas as comisións a que asista, así como dirixir as deliberacións. O seu voto será sempre de calidade.
- 8) Dar o visto e prace ás actas e ás certificacións expedidas polo secretario.
- 9) Autorizar e asinar os libramentos ou ordes de pagamento e asinar os documentos necesarios para a apertura de contas correntes e peche destas, así como os cheques expedidos pola Tesouraría e demais autorizacións para retirar cantidades con sinatura mancomunada do tesoureiro ou do interventor.
- 11) Propor á Xunta de Goberno a designación de Colexiados para cubrir as súas vacantes.
- 12) Autorizar coa súa sinatura os títulos de incorporación ao Colexio. De ser o caso, o carné nacional deberá ir referendado polo Consello Xeral, quen o unificará para toda España.
- 13) Exercer calquera función das atribuídas á Xunta de Goberno, con carácter excepcional, soamente cando exista imposibilidade manifesta de reunir a Comisión Permanente. En tal caso deberá dar conta á Xunta de Goberno o máis axiña posible e esta pronunciarase sobre a súa actuación.

Artigo 42. *Competencias do secretario.*

Son competencias do secretario:

- 1) Xestionar o Rexistro Xeral do Colexio.
- 2) Tramitar as citacións e convocatorias para todos os actos colexiais.
- 3) Facilitar a documentación necesaria para a deliberación e adopción de resolucións nas reunións.

- 4) Levantar acta das reunións da Xunta Xeral e da Xunta de Goberno.
- 5) Redactar a memoria anual.
- 6) Expedir certificacións co visto e prace do decano.
- 7) Asinar a correspondencia e os demais documentos administrativos, co visto e prace do decano cando sexa necesario.
- 8) Custodiar os libros de actas das reunións, os libros administrativos e o arquivo xeral do Colexio.
- 9) Exercer a autoridade directa sobre o persoal laboral e organizar as oficinas colexiais.

Artigo 43. *O vicedecano.*

Corresponden ao vicedecano todas as funcións que lle delegue o decano, sen que poida este delegarlle a totalidade das que ten atribuídas.

O vicedecano asumirá as funcións do decano en caso de ausencia, enfermidade ou vacante.

Artigo 44. *O secretario e o vicesecretario.*

1. Independentemente dos dereitos e obrigas especiais que lle confiran os acordos da Xunta de Goberno, corresponden ao secretario as seguintes atribucións:

a) Redactar e cursar, seguindo as instrucións do decano, a convocatoria e orde do día da Xunta Xeral, da Xunta de Goberno e dos demais órganos colexiados dos cales sexa membro, así como preparar e facilitar a documentación necesaria para a deliberación e adopción de resolucións na sesión correspondente.

b) Levantar acta das sesións da Xunta Xeral, da Xunta de Goberno e dos demais órganos colexiados dos cales forme parte.

c) Levar e custodiar os libros de actas e documentación que reflicten a actuación dos órganos citados no parágrafo anterior, e dos demais libros de obrigado mantemento no Colexio.

- d) Redactar a memoria anual.
- e) Expedir, co visto e prace do decano, certificacións.
- f) Asinar por si, ou co decano en caso necesario, as ordes, correspondencia e demais documentos administrativos de xestión ordinaria.
- g) Exercer a xefatura do persoal do Colexio.
- h) Ter ao seu cargo o arquivo xeral do Colexio e o seu selo.
- i) Recibir e dar conta ao decano de cantas solicitudes e comunicacións se reciban no Rexistro Xeral do Colexio.
- j) Cumprir e facer cumprir ao persoal ás súas ordes os acordos da Xunta Xeral e da Xunta de Goberno.

Artigo 45. Competencias do tesoureiro.

Son competencias do tesoureiro:

- a) Recadar e custodiar os fondos do Colexio, sendo responsable deles, para cuxo fin asinará recibos e recibirá cobramentos.
- b) Pagar os libramentos que expida o decano ou o interventor e os demais pagamentos de ordinaria administración autorizados de forma xeral ata a contía autorizada polo decano ou o interventor.
- c) Ingresar e retirar fondos das contas bancarias, conxuntamente coa sinatura autorizatoria do decano ou do interventor.
- d) Cobrar os xuros e rendas do capital.
- e) Dar conta da falta de pagamento das cotas dos colexiados, para que a Xunta de Goberno adopte as medidas procedentes.
- f) Informar mensualmente a Xunta de Goberno da situación da tesouraría.

Artigo 46. *Competencias do interventor.*

Son competencias do interventor:

- a) Levar ou facer levar os libros de contabilidade legalmente exixidos.
- b) Asinar a conta de ingresos e pagamentos mensuais para informe da Xunta de Goberno, así como a conta anual para a súa aprobación pola Xunta Xeral.
- c) Elaborar a memoria económica anual, dando a coñecer a todos os colexiados o balance de situación económica do Colexio.
- d) Elaborar o anteproxecto de orzamento anual.
- e) Xestionar o inventario dos bens do Colexio.
- f) Ingresar e retirar fondos das contas bancarias, conxuntamente coa sinatura autorizatoria do decano ou do tesoureiro.

Artigo 47. *Dos vogais da Xunta de Goberno.*

1. Son competencias dos vogais:

- a) O desempeño das funcións que lles delegue ou encomende a Xunta de Goberno.
- b) A substitución dos restantes titulares dos cargos da Xunta de Goberno, en caso de ausencia, enfermidade ou vacante temporal.
- c) Asistir, en quenda cos restantes vogais, ao domicilio social do Colexio para atender o despacho dos asuntos que o requiran.

2. A substitución dos titulares dos cargos da Xunta de Goberno, en caso de vacante, ausencia ou imposibilidade destes, realizarase de acordo co seguinte criterio:

- O vogal primeiro substitúe o vicedecano.
- O vogal segundo o vicesecretario.
- O vogal terceiro o tesoureiro.

– O vogal cuarto o interventor.

3. Cando cumpra, a substitución dos vogais citados anteriormente realizarase por orde sucesiva entre os restantes vogais.

Artigo 48. *Comisións de traballo.*

1. Para levar a cabo as tarefas que o Colexio ten encomendadas, a Xunta de Goberno poderá crear as comisións de traballo que considere necesarias ou que se impoñan por acordo da Xunta Xeral.

2. Estas comisións terán como obxecto estudar e ditaminar sobre os asuntos que lles sexan encargados, e elevarán por escrito as súas conclusións e propostas á Xunta de Goberno.

3. A Xunta de Goberno poderá aprobar ou desestimar as propostas das comisións. Os acordos deberán figurar en acta e farase constar a súa motivación.

4. Se se produce coincidencia de tema en asuntos sometidos a estudo en dúas comisións, a Xunta de Goberno decidirá cal delas debe ditaminar na dita cuestión.

5. As comisións estarán presididas por un membro da Xunta de Goberno. Cada comisión elaborará as súas propias normas de funcionamento, que someterá á Xunta de Goberno para a súa aprobación.

6. As comisións son órganos de traballo do Colexio, sen representatividade fóra do ámbito deste.

CAPÍTULO II

Da elección dos cargos da Xunta de Goberno

Artigo 49. *Cargos electivos e dereito de sufraxio activo e pasivo.*

1. Os membros da Xunta de Goberno do Colexio serán elixidos segundo o que establecen estes estatutos.

2. A elección terá lugar mediante sufraxio libre, igual, directo e segredo de todos os electores. A emisión do voto poderá realizarse persoalmente ou por correo nas condicións que

establezan os estatutos no Regulamento electoral, o cal deberá ser aprobado pola Xunta Xeral, así como nos mesmos termos da convocatoria.

3. O dereito de sufraxio activo corresponde a todos os colexiados que estean ao día no pagamento das cotas colexiais e en pleno desfrute dos dereitos corporativos.

4. Para ser elixible precísase poder ser elector, residir na demarcación do Colexio e cumprir coas obrigas colexiais.

5. Para os cargos de decano, vicedecano, secretario, vicesecretario, vogal primeiro e vogal segundo será preciso posuír o dereito de sufraxio activo, cunha antigüidade mínima ininterrompida como colexiado de cinco anos, mentres que para os demais cargos a antigüidade mínima necesaria será de dous anos.

6. Coa excepción dos membros da Xunta de Goberno que terminan o seu mandato, os demais cargos electos non poderán presentarse como candidatos a outros cargos, salvo que presenten a súa dimisión con anterioridade ao acordo de convocatoria de eleccións.

Artigo 50. *Procedemento electoral.*

1. A convocatoria das eleccións corresponde á Xunta de Goberno.

2. A convocatoria realizarase, como mínimo, cun mes de antelación á data de realización das eleccións, e deberá comunicarse a todos os colexiados e inserirse no taboleiro de anuncios. No devandito taboleiro publicarase tamén a lista de electores con dereito de sufraxio activo na data da convocatoria.

A convocatoria deberá expresar os cargos obxecto de elección, a data límite para a presentación de candidaturas, os recursos contra a proclamación e denegación daquelas e o día, hora e lugar en que deben realizarse as eleccións, así como as condicións para emitir o voto por correo.

3. A convocatoria do proceso electoral garantizará como mínimo:

1.º A duración do mandato dos candidatos elixidos non poderá ser superior a catro anos, sen prexuízo da posibilidade de reelección.

2.º O exercicio efectivo dos dereitos recoñecidos aos colexiados no artigo 18 destes estatutos.

3.º A comunicación das propostas electorais dos candidatos a todos os electores.

4.º A transparencia e obxectividade do proceso electoral, a igualdade das candidaturas e a imparcialidade da Xunta de Goberno saínte.

5.º As vías de recurso para a defensa dos dereitos electorais.

6.º A celeridade na resolución dos recursos, coa fixación de prazos o máis breves posibles.

4. As eleccións para a renovación de cargos por expiración do mandato daqueles que os desempeñan e por vacantes deberán convocarse no mes de xaneiro de cada ano que corresponda facelo.

5. O calendario electoral terá unha duración máxima de dous meses, entre a data da convocatoria e a da toma de posesión.

6. As candidaturas deberán estar asinadas por cada un dos candidatos. Ningún candidato poderá presentarse para máis dun cargo.

7. Se para a provisión dun cargo só se proclama un candidato, non se realizarán eleccións para o dito cargo, designarase directamente electo para el. Se esta circunstancia se produci-se para todos os cargos obxecto de elección, darase por terminado o proceso electoral coa proclamación consecuenta.

Artigo 51. *As votacións.*

1. Efectuaranse o día que se sinala no calendario electoral, ante unha mesa integrada por tres membros designados por sorteo entre os electores e durante o tempo establecido na convocatoria, o cal non poderá ser inferior a catro nin superior a oito horas.

2. A emisión do voto poderase realizar persoalmente ou por correo nas condicións que estableza o Regulamento electoral.

3. Os candidatos poderán designar interventores de mesa entre os colexiados que non se presenten á elección.

Artigo 52. Escrutinio e proclamación de electos.

1. Finalizada a votación, procederase ao escrutinio en acto público.
2. O presidente da mesa anunciará o resultado da votación.
3. A mesa levantará a correspondente acta e emitiralla á Xunta de Goberno.
4. Os interventores de mesa poderán incorporar á acta as reclamacións que consideren oportunas.
5. A Xunta de Goberno en sesión extraordinaria realizará, se procede, a proclamación dos candidatos que resultasen electos.
6. A Xunta de Goberno remitirá ao Consello Xeral, aos interesados e ao resto dos colexiados a resolución de proclamación de cargos electos.
7. Contra esta resolución cabe interpor o recurso que proceda.

Artigo 53. Vacantes e Xunta Xestora.

1. Se por calquera causa quedasen vacantes máis da metade dos cargos da Xunta de Goberno do Colexio, o Consello Galego, ou na súa falta o Consello Xeral, designarán unha xunta provisional de entre os colexiados máis antigos no prazo de tempo máis breve posible. Esta xunta deberá convocar eleccións para a provisión dos cargos vacantes no prazo máis breve posible e nunca superior a tres meses.
2. A falta de candidatos electos para os cargos de vicedecano, vicesecretario, tesoureiro e interventor cubrirase con vogais, segundo o previsto no artigo 47.
3. As vacantes dunha ou dúas vogalías poderanse prover por acordo da Xunta de Goberno. Estes nomeamentos deberanse someter a ratificación na primeira xunta xeral ordinaria que teña lugar. Os así nomeados exercerán o cargo polo tempo que reste ata as próximas eleccións.

Artigo 54. Da moción de censura.

1. Poderá proporse a censura de calquera membro da Xunta de Goberno, conxuntamente a de varios ou a de todos, mediante proposta motivada subscrita por un número de

colexiados que represente, polo menos, o dez por cento (10 por 100) dos colexiados, ou o quince por cento (15 por 100) se se propuxer a censura do decano ou da maioría ou totalidade da Xunta de Goberno. A proposta deberá incluír o nome do candidato ou candidatos ao cargo ou cargos a que se refira a censura e a aceptación asinada dos ditos candidatos.

A proposta presentárase e tramitárase conxuntamente para todos aqueles cuxa censura se propoña.

Non poderá proporse a censura de ningún membro da Xunta ata transcorridos seis meses da súa toma de posesión.

2. Presentada a moción de censura e verificado o cumprimento dos seus requisitos, debaterase en xunta xeral extraordinaria, que deberá ter lugar dentro dos trinta (30) días hábiles seguintes á presentación.

O debate comezará pola defensa da moción, que corresponderá ao candidato que para tal fin se designe na proposta, que, de censurarse o decano, deberá ser en todo caso o candidato a decano. A continuación intervirá o censurado, que, de ser varios, será o que designe a Xunta de Goberno, aínda que, de ser censurado o decano, será este o que interveña.

3. Seguidamente, abrírase un debate entre os asistentes, na forma ordinaria prevista para as xuntas xerais, concluído o cal volverán intervir o defensor da moción e quen se opuxese a esta.

Os votos emitíranse a favor ou en contra da moción, sen que poidan os que voten a favor excluír da censura ningún daqueles para os que se propoña nin tampouco ningún dos candidatos propostos.

4. Se a participación na votación non alcanzase o vinte por cento (20 por 100) polo menos dos colexiados, ou o vinte e cinco por cento (25 por 100) se se propuxese a censura do decano ou da maioría da Xunta de Goberno, a moción entenderase rexeitada sen necesidade de proceder ao escrutinio.

Se se alcanzase a participación mínima indicada, será precisa a maioría de dous terzos dos votos validamente emitidos para a aprobación da moción.

Se a moción non fose aprobada, non poderá presentar outra ningún colexiado dos que a subscribiron ata transcorrido polo menos un ano do primeiro día de votación, nin tampouco contra os mesmos cargos ata pasados polo menos seis meses contados desde a mesma data.

Aprobada a moción de censura, quedarán automaticamente proclamados os candidatos propostos, que tomarán posesión inmediatamente dos seus cargos.

TÍTULO III

Do réxime xurídico da actividade e do patrimonio dos entes colexiais

CAPÍTULO I

Do réxime xurídico da actividade

Artigo 55. Réxime da actividade dos entes colexiais suxeita ao dereito administrativo.

1. As disposicións colexiais e os actos referidos á organización colexial someteranse ao disposto nos estatutos xerais do Consello Xeral, nos estatutos do Consello Galego e nestes estatutos e regulamentos do Colexio, e supletoriamente á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais leis e principios de dereito público que lles resulten de aplicación.

2. As disposicións colexiais e os actos colexiais ditaranse conforme o procedemento establecido nestes estatutos.

3. As disposicións colexiais deberán publicarse no taboleiro oficial, onde figurarán expostos polo menos durante dous meses.

4. As resolucións do Colexio deberán ditarse con audiencia do interesado e debidamente motivadas cando teñan carácter sancionador, limitativo de dereitos ou intereses lexítimos, ou resolvan recursos.

5. Deberán notificarse os actos que afecten os dereitos e intereses dos colexiados, deixando constancia no expediente da súa recepción. A notificación deberá conter o texto íntegro da resolución, o órgano que a ditou e a data, así como a indicación de se o acto é ou non definitivo na vía corporativa, e os recursos que procedan, prazo para interposos e órgano ante o que se deberán interpor, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, se é o caso, calquera outro que consideren procedente.

Artigo 56. Silencio administrativo.

1. Salvo o establecido nestes estatutos, entenderase que as solicitudes dos colexiados se deberán resolver no prazo máximo de tres meses.

2. Finalizado o prazo establecido para a resolución de cada procedemento sen que o interesado solicitante fose notificado, entenderanse producidos os efectos do silencio ad-

ministrativo no sentido favorable ao solicitado ou desestimatorio da solicitude, nos casos en que así se estableza nos estatutos.

3. En todo caso, entenderanse estimadas por silencio administrativo as solicitudes referidas á incorporación ao Colexio cando se acreditou na solicitude o cumprimento dos requisitos exixidos por estes estatutos.

Os actos producidos por silencio administrativo positivo que supoñan o recoñecemento ou a atribución de facultades ou dereitos contrarios ao ordenamento xurídico serán nulos de pleno dereito.

Artigo 57. Nulidade e anulabilidade dos actos das corporacións colexiais.

Os actos do Colexio serán nulos de pleno dereito ou anulables nos casos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 58. Acordos dos órganos colexiais.

Os órganos colexiados de goberno do Colexio non poderán adoptar acordos sobre asuntos non incluídos na orde do día, salvo que estean presentes todos os seus membros e acorden por maioría absoluta o carácter urxente do asunto que se vai tratar.

Artigo 59. Recursos.

1. Os actos e acordos do Colexio que resolvan definitivamente un procedemento serán susceptibles de recurso de alzada ante o Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais, previamente ao contencioso-administrativo, nos seguintes supostos:

- a) Nos casos de denegación da colexiación.
- b) Os actos de proclamación de candidatos e de proclamación de candidatos electos.
- c) A denegación do visado colexial.
- d) As sancións disciplinarias, segundo o disposto no artigo 72.
- e) Os acordos aprobatorios de normas regulamentarias que afecten directamente o exercicio profesional e cuxa aprobación non corresponda ao Consello Xeral.

f) Os demais supostos sinalados nestes estatutos xerais.

2. Os acordos e actos do Colexio non comprendidos no número anterior serán susceptibles de recurso de reposición con carácter facultativo.

3. Sen prexuízo dos recursos corporativos sinalados nos puntos anteriores, todos os actos e disposicións do Colexio ditados no exercicio de potestades administrativas poderán ser obxecto de recurso contencioso-administrativo ante os órganos xurisdicionais competentes.

Artigo 60. Procedemento dos recursos.

1. O recurso de alzada interporase ante o Consello Galego, no prazo dun mes a partir da súa publicación ou notificación.

2. O recurso de reposición interporase ante o mesmo órgano de goberno do Colexio que o ditou, no prazo dun mes.

A resolución dos recursos de reposición contra actos ditados por delegación corresponderá ao órgano delegante.

3. O prazo de resolución dos recursos de alzada e de reposición será de tres meses e dun mes, respectivamente, e entenderanse desestimados se no momento do seu vencemento non fose notificada ao recorrente a resolución do recurso.

Artigo 61. Comunicacions co Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais e co Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos Industriais.

O Colexio deberá comunicar ao Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais e ao Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos Industriais, por fax ou outro medio que asegure a súa recepción nun prazo máximo de vinte e catro horas desde que se ditaron, os actos de proclamación de candidatos e de candidatos electos e, en caso de proceder recurso de alzada ante o Consello Galego, os recursos que contra eles se interpoñan. De igual forma procederá o Consello Galego a comunicar ao Colexio correspondente a resolución que proceda nestes supostos.

Os demais actos que se deban elevar ao Consello Galego para a súa resolución deberán remitirse nun prazo non superior a dez días, salvo que se trate de recursos interpostos contra actos colexiais, caso en que se deberán remitir nun prazo máximo de cinco días xunto co expediente administrativo.

Artigo 62. *Réxime da actividade non suxeita ao dereito administrativo.*

Os actos e contratos que non garden relación coa organización do Colexio, nin o exercicio de potestades administrativas, someteranse ao disposto nestes estatutos xerais e ao dereito privado, civil, mercantil ou laboral, segundo corresponda.

CAPÍTULO II Dos recursos económicos

Artigo 63. *Recursos económicos ordinarios.*

1. Constitúen os recursos económicos ordinarios do Colexio:

- a) As cotas colexiais de carácter periódico.
- b) Os dereitos de incorporación ao Colexio.
- c) As cotas por visado de traballos profesionais.
- d) Os ingresos procedentes das rendas do seu patrimonio.
- e) As contraprestacións ou subvencións por servizos ou actividades do Colexio.

2. A Xunta de Goberno poderá acordar a redución ou exención das cotas colexiais de carácter periódico a un colexiado ou grupo deles cando concorran circunstancias especiais.

Artigo 64. *Recursos económicos extraordinarios.*

Constitúen os recursos económicos extraordinarios:

a) As cotas ou derramas de carácter extraordinario que sexan aprobadas por unha xunta xeral extraordinaria convocada para o efecto; necesítase para iso a aprobación de dous terzos dos asistentes.

b) As subvencións e donativos que se outorguen ao Colexio, xa sexan de procedencia pública ou privada.

c) Calquera outro ingreso que se poida obter licitamente.

Artigo 65. Memoria anual.

O Colexio está suxeito ao principio de transparencia na súa xestión. Para iso elaborará unha memoria anual que conteña, polo menos, a información sinalada na Lei 11/2001, do 18 de setembro, modificada pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro.

**TÍTULO IV
Do réxime disciplinario****Artigo 66. Potestade sancionadora.**

O Colexio exercerá a potestade disciplinaria para sancionar as infraccións en que incorran os colexiados e os cargos colexiais no exercicio da súa profesión ou na súa actividade colexial.

Artigo 67. Competencia.

1. O exercicio desta potestade corresponde á Xunta de Goberno, de oficio ou por denuncia.

2. Salvo causa xustificada, ditarase resolución motivada nun prazo non superior a seis meses desde a data de comezo da instrución do expediente.

Artigo 68. Procedemento disciplinario.

1. Non se poderá impor ningunha sanción sen instruír un procedemento previo. Na súa tramitación garantiránselle ao colexiado, en todo momento, os seguintes dereitos:

a) A presunción de non responsabilidade disciplinaria mentres non se demostre o contrario.

b) A ser notificado dos feitos que se lle imputan, das infraccións que tales feitos poidan constituír e das sancións que, de ser o caso, se lle puidesen impor.

c) A ser notificado da identidade do instrutor, da autoridade competente para impor a sanción e da norma que lle atribúa tal competencia.

d) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos en que teña a condición de interesado, e obter copias dos documentos contidos neles e, así mesmo, copia selada dos que presente.

e) A utilizar a lingua propia da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) A formular alegacións e presentar documentos en calquera fase do procedemento, anterior ao trámite de alegacións, contra a proposta de sanción.

g) A obter información e orientación xurídica sobre o modo de defender os seus intereses e a dispor das suficientes garantías de defensa no expediente.

h) A que a tramitación do procedemento sancionador teña unha duración non superior a seis meses, salvo causa xustificada da cal quede debida constancia no expediente.

2. As sancións leves poderán imporse nun procedemento abreviado en que se verificará a exactitude dos feitos, se oír o presunto infractor, se comprobará se están tipificados nalgún dos supostos do artigo 70 a) destes estatutos e se sinalará a sanción correspondente.

3. Correspóndelle á Xunta de Goberno o acordo da iniciación do procedemento sancionador, para o que nomeará un instrutor entre os seus membros, que cualificará a falta de acordo con estes estatutos e propondrá á Xunta de Goberno a sanción correspondente, sendo esta a que dite a resolución que proceda.

Artigo 69. *Recusación e abstención.*

1. O colexiado obxecto da instrución do expediente poderá expor ante a Xunta de Goberno un incidente de recusación do instrutor. Esta recusación resolverase sen ulterior recurso nun prazo de quince días. No entanto, a recusación poderá exporse de novo no recurso que poida presentarse contra a resolución do expediente sancionador.

2. O instrutor do expediente poderá solicitar absterse de tal misión, se as causas que alega son as que a lei establece.

Artigo 70. *Infraccións.*

As faltas cualifícanse en leves, graves e moi graves.

a) Serán faltas leves:

i) As faltas reiteradas de asistencia ou de delegación desta sen causa xustificada ás reunións da Xunta de Goberno do Colexio.

ii) As incorreccións de escasa transcendencia na realización dos traballos profesionais.

iii) As desconsideracións ou ofensas previstas no punto seguinte, letra c) que non revisitan carácter de grave.

iv) O mal uso dos bens mobles ou inmobles do Colexio.

b) Serán faltas graves:

i) O incumprimento grave dos acordos de carácter obrigatorio adoptados polos órganos de goberno da organización colexial en materia da súa competencia ou o incumprimento grave das obrigas establecidas nestes estatutos.

ii) O incumprimento inxustificado das obrigas económicas co Colexio.

iii) A desconsideración ou ofensa grave aos membros dos órganos de goberno da organización colexial, no exercicio das súas funcións, así como cara aos compañeiros no desempeño da actividade profesional.

iv) A competencia desleal.

v) A realización de traballos profesionais que atentan contra o prestixio profesional que especifique o Regulamento de normas deontolóxicas de actuación profesional dos enxeñeiros técnicos industriais.

c) Serán faltas moi graves:

i) Os feitos constitutivos de delito como consecuencia do exercicio profesional ou con ocasión deste ou que afecten o exercicio profesional.

ii) O encubrimento da intrusión profesional.

iii) O uso do cargo ou función pública en proveito propio.

Artigo 71. Sancións.

1. As sancións que poden imporse son:

a) Para as faltas leves: amoestación privada ou apercibimento mediante oficio do Colexio.

b) Para as faltas graves: suspensión dos dereitos colexiais por un prazo máximo de seis meses e a inhabilitación para o exercicio de cargos corporativos ata un ano.

c) Para as faltas moi graves: a suspensión da colexiación ou dos dereitos colexiais ata dous anos, a inhabilitación para o exercicio de cargos corporativos ata cinco anos e a expulsión do Colexio por cinco anos.

2. As faltas que garden relación con obrigas colexiais considéranse corporativas e sancionaranse, segundo a súa gravidade, con amoestación privada ou apercibimento por oficio do decano con anotación no expediente persoal se son leves, suspensión dos dereitos colexiais ata seis meses e inhabilitación para cargos colexiais ata un ano se son graves, e suspensión da colexiación e inhabilitación para cargos colexiais ata cinco anos se son moi graves.

3. As faltas que entren dentro da esfera das obrigas profesionais serán sancionables, con amoestación privada se son leves, coa suspensión da colexiación ata seis meses se son graves, e coa suspensión da colexiación ata dous anos ou a expulsión por dous anos se son moi graves.

Artigo 72. Recursos contra as resolucións sancionadoras.

1. As resolucións do Colexio que impoñan sancións leves son susceptibles de recurso ante o propio órgano sancionador, e as que impoñan sancións graves ou moi graves serán impugnables ante o Consello Galego, no prazo dun mes desde a súa notificación.

2. As resolucións sancionadoras non serán executivas ata que sexan firmes na vía colexial.

No entanto, se se impuxese unha sanción de suspensión por infracción moi grave, o órgano competente poderá acordar a adopción das medidas provisionais pertinentes para garantir a súa efectividade. Neste caso, comunicarao inmediatamente ao Consello Xeral e ao Consello Galego, o cal, se se interpón recurso contra a dita sanción, deberá resolvelo no prazo dun mes desde a efectividade da medida provisional acordada polo Colexio de Vigo.

3. A resolución dos recursos contra as resolucións sancionadoras deberá producirse no prazo de tres meses, e o silencio terá efectos desestimatorios.

Contra as resolucións destes recursos só poderá interperse recurso contencioso-administrativo.

Artigo 73. Prescrición das faltas.

1. As infraccións leves prescribirán aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos contados desde o día en que a infracción se cometeu. A incoación debidamente notificada ao presunto infractor do procedemento disciplinario interrompe a prescrición, e restablecerase esta se o dito procedemento estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

2. As sancións prescribirán, de non terse feito efectivas pola entidade colexial sancionadora, nos mesmos prazos que as infraccións segundo a súa clase, salvo a expulsión do Colexio, que prescribirá aos cinco anos. O prazo comezará a contar desde o momento en que adquirise firmeza en vía colexial a resolución sancionadora e interromperase a prescrición pola iniciación, con coñecemento do interesado, da súa execución, e restablecerase se esta se paraliza máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Artigo 74. Anotación e cancelación das sancións.

1. Todas as sancións disciplinarias se anotarán no expediente persoal do colexiado, con comunicación ao Consello Galego e ao Consello Xeral, e destes aos colexios no caso de que afecten o exercicio da profesión.

2. Os sancionados poderán pedir a cancelación da nota do seu expediente persoal, nos seguintes prazos contados desde o cumprimento da sanción:

- a) Se fose por falta leve, aos seis meses.
- b) Se fose por falta grave, aos dous anos.
- c) Se fose por falta moi grave, aos catro anos.

3. Executada a sanción de expulsión, non se poderá solicitar a reincorporación a ningún dos colexios ata transcorridos cinco anos.

4. A cancelación de antecedentes realizarase logo de instrución dun procedemento en que o colexiado gozará dos mesmos dereitos que no procedemento incoado para a imposición da sanción, e será susceptible a resolución que se adopte de ser impugnada na mesma forma que a resolución sancionadora.

Artigo 75. Regulamento de réxime disciplinario e réxime supletorio.

A Xunta Xeral aprobará un Regulamento de réxime disciplinario que desenvolva o establecido nestes estatutos e o que se dispón no título IX da Lei 30/1992, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común, e o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora e demais disposicións concordantes.

TÍTULO V
Da reforma dos estatutos

Artigo 76. Procedemento para a reforma dos estatutos.

Para a modificación destes estatutos será preciso o acordo da Xunta Xeral do Colexio convocada para ese exclusivo efecto, adoptado con máis da metade dos votos dos seus membros presentes.

TÍTULO VI
Da disolución do Colexio

Artigo 77. Procedemento para a disolución do Colexio.

1. No caso de disolución da organización colexial dos enxeñeiros técnicos industriais, o Colexio de Vigo disolverase por acordo da súa Xunta Xeral extraordinaria, adoptado co voto favorable de máis da metade dos votos dos colexiados asistentes.

O patrimonio do Colexio destinarase á entidade representativa asistencial dos enxeñeiros técnicos industriais que acorde a Xunta Xeral coa maioría sinalada.

Para ese efecto, a mesma Xunta Xeral constituirá unha comisión liquidadora integrada pola Xunta de Goberno e por tres colexiados máis, designados pola Xunta Xeral, comisión que, no prazo de tres meses desde a súa constitución, deberá ter concluída a liquidación dos dereitos e obrigas do Colexio e pechadas as contas, todo o cal someterá á aprobación da Xunta Xeral.

2. Se a disolución do Colexio se producise por fusión con outro colexio de enxeñeiros técnicos industriais de Galicia ou por absorción por algún deles, requirirase acordo da Xunta Xeral extraordinaria adoptado por maioría de tres quintos dos colexiados asistentes e, unha vez ditado o decreto previsto no artigo 14.2 da Lei de colexios profesionais de Galicia, o patrimonio do Colexio integrarase plenamente no colexio resultante da fusión ou absor-

ción, ao que sucederá, por efecto directo do decreto aludido, ao Colexio de Vigo, en todos os seus dereitos e obrigas.

3. En caso de disolución do Colexio como consecuencia de que a organización profesional dos enxeñeiros técnicos industriais se integre noutra organización profesional que englobe, a nivel de España, outros titulados xunto cos enxeñeiros técnicos industriais, a disolución acordarase en xunta xeral extraordinaria por maioría simple dos votos dos asistentes e, para os efectos de subrogación e sucesión no patrimonio, dereitos e obrigas do Colexio de Vigo, terá efectos desde a entrada en vigor da disposición que autorice a integración aludida.

Disposición transitoria única.

A reforma destes estatutos non implicará cesamento ou modificación dos cargos da actual Xunta de Goberno e, en consecuencia, confirmanse neles, e mantense o calendario de futuros procesos electorais como ata a data.